

12ª ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DA ASOCIACIÓN DE COOPERACIÓN EXTERIOR ÉGUEIRE

O día 16 de febreiro do ano 2020, ás 17'00 horas en segunda convocatoria, no salón multiusos da parroquia de San Xoán Bautista de Mazaricos, dáse inicio á 12ª Asemblea Xeral Ordinaria na que se atopan os socios que figuran a continuación:

- Manuela González Maceiras. Vicepresidenta.
- Juan Jesús de Rojas Silva. Tesoureiro.
- Xosé Manuel Pensado Figueiras. Secretario.
- Natalia Álvarez Fernández de Arroyabe. Técnica de proxectos.
- Lurdes Pardo Fernández. Vogal.
- Vicente García Domínguez. Vogal.
- Isolina Cambeiro Vilar.
- Magdalena Balbina Moreira Núñez.
- María Teresa del Río Romero.
- Zoilo Formoso Cancela.
- María Cambeiro Lado.
- Beatriz Caamaño Sambade.
- Aurora García Canosa.
- Soledad Perol Riveiro.

Escusa a súa presenza Désiré Kouakou Tanoh, presidente da asociación polo falecemento do cura, compañeiro de zona.

Iníciase a asemblea coa seguinte orde do día:

- Lectura da acta da asemblea do ano anterior e a aprobación da mesma.
- Confirmación ou renovación dos cargos da directiva.
- Presentación e aprobación, si procede, dos novos socios.
- Cambio de sede.
- Exposición do realizado no ano 2019.
- Rendición de contas.
- Presupostos 2020.
- Propostas de proxectos para o ano en curso.
- Rogos e preguntas.

1 LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA 11ª ASEMBLEA DO 16/02/2019

Lese e aprobase a acta do ano anterior con tres salvedades: a/ Non asistiu Beatriz Caamaño Sambade, b/ Natalia Álvarez estivo ó inicio, pero logo marchou. c/ Natalia matiza que o nome do proxecto principal do ano 2019 non é “Granxa-escola” por ser excesivamente xenérico e, polo tanto, incorrecto. O proxecto foi designado como “Produtos agro alimentarios-Comercialización-produción e diversificación”

2 CONFIRMACIÓN OU RENOVACIÓN DOS CARGOS DA DIRECTIVA

En ausencia do presidente non se toca este tema, e infórmase neste momento do cambio de sede social a rúa Emigrante 2, 3ºA de A Picota. Faranse os trámites pertinentes para que este cambio sexa efectivo.

3 APROBACIÓN DE NOVOS SOCIOS

1.Amat Grau, Marta; 2.Fernández Becerra, Raúl Manuel; 3.García Pardo, Sara; 4.LLopis de la Vega, María Rosario; 5.Manteca Vilanova, Xavier; 6.Moledo Mariño, Lucas; 7.Mouzo Grille, Pilar; 8.Perol Riveiro, Soledad; 9.Piñeiro Carballo, Elena; 10.Rodríguez Casal, Isabel; 11.Villar Verga, Ana María.

Acéptase unanimemente a súa incorporación.

4 INFORMACIÓN ECONÓMICA

O tesoureiro pasa a detallar as contas do exercicio 2019

SALDO A 31/12/2018	18552,24
SALDO A 31/12/2019	83,28

INGRESOS 2019

CUOTAS DE SOCIOS Y COLABORADORES	17660
DONATIVOS	10206,89
CEA BENEFICA FEBREIRO SANTIAGO	4156,77
FESTA AFRICANA XULIO	4133,92
CEA SOLIDARIA DECEMBRO 2019	1590
SUBVENCIONES DIPUTACION	7004,80
	15069,70
LOTERIA	3590
TOTAL	63412,08

GASTOS 2019

NÓMINAS 4 PERSONAS	8785
GASTOS BANCARIOS	283,28
AVAL BANCARIO	383,58
GESTORIA	452,54
ARTESANIA	2000
PLATAFORMA SANITARIA	1000
ALQUILER ALMACÉN	1000
VIAJE	1480
DIETAS VIAJE	500
TARJETAS, DIPTICOS, IMPRENTA	350,02
DEUDA RENEYMAR 2018	1200
DEUDA ANTICIPO SOCIO 2018	4750
BILLETE NOVIEMBRE VIAJE VISADO	1100
DIETAS VIAJE	534,69
MOTOCARRO	2250
PROYECTO NZIDA :	
POZO, PLANTACIÓN, PROYECTO PRODUCTOS AGROALIMENTARIOS: DIVERSIFICACIÓN PROMOCIÓN Y COMERCIALIZACIÓN GRAND LAHOU	42.011,93

DEVOLUCION ANTICIPO SOCIOS	11800
PLANIFICACION Y DESARROLLO PROYECTO	1500
TELÉFONO	250
PAPELERIA Y GASTOS OFICINA	250
TOTAL GASTOS	81881,04

Advirte o tesoureiro que se incorporarán aquí as contas oficiais elaboradas pola xestoría.

5 PREVISION 2020

INGRESOS.

CUOTAS	18000
DONATIVOS	11000
FESTA AFRICANA	4500
CENA BENEFICA	2000
LOTERIA	3500
SUBVENCIONES ?	
GALA MUSICAL	2000

TOTAL 41000

GASTOS.

NOMINAS	9000
PROYECTO N'ZIDA	24000
COOPERATIVAS	5000
CASA ACOGIDA M.ZI	1000
MATERNIDAD	2000

TOTAL 41000

6 PROXECTOS REALIZADOS Ó LONGO DO ANO

A partires de aquí fomos expoñendo o recollido na memoria de actividades realizada por Lurdes Pardo.

MEMORIA DE ACTIVIDADES AÑO 2019

LOGROS DA ENTIDADE NO ANO

Os logros da Asociación Égueire pódense concretar nos seguintes puntos:

- Dar forma e seguir a realización do Proxecto Agropecuario na poboación N'Zida, Grand Lahou
- Renovar o equipo de Égueire en Costa de Marfil
- Continuar apoiando as diversas cooperativas de mulleres de Costa de Marfil

- Contribuír o funcionamento e mantemento da Maternidade, inaugurada fixo dous anos o 2 de decembro
- Proporcionar axudas puntuais diversas (Mme N’Zi, instalacións escolares...
- Manter a presenza nos medios a través de internet, prensa escrita, radio e T.V.
- Conseguir apoios económicos a través de subvencións, cotas socios/as e colaboracións diversas.
- Traballar en dar a coñecer a realidade africana para avanzar nun maior compromiso.
- Colaboración co centro de atención a persoas con SIDA (CEPREF) de Abidján
- Seguimento e acompañamento dos proxectos.

ACTIVIDADES REALIZADAS

PROXECTO AGROPECUARIO

Preparación do terreo: preparación del acceso, desbroce, arrancado de raíces de árbores, escavación de un pozo de barrena, construción de depósitos, compra de motor de bombeo, preparación de 2 Has de cultivo, instalación de rego –parte aspersión y parte goteo-, adquisición de sementes e creación de semilleiros.

Construción de una nave-almacén: Almacenamento e distribución dos produtos de horta, lugar de encontro e traballo de alumnos e cooperativas, lugar de reunións. Esta construción se atopa nun estado moi avanzado

Adquisición dunha moto-carro. Para facilitar desprazamentos de persoas, materiais e produtos.

Renovación do equipo de Égueire en Costa de Marfil

Labor de apoio á maternidade e outras institución: Seguimento do labor da maternidade, colaboración co Centro de atención a persoas con SIDA de Abidján. Continúase co apoio ás cooperativas, especialmente ás de nova creación.

Axudas puntuais: colaboración con Mme. N’Zi no seu labor de atención @s nen@s orfos/as, a través de contactos persoais e apoio económico.

Co a aportación económica do alumnado e profesorado do Colexio Eugenio López de Cee, instaláronse no Colexio Pierre Precieux de Costa de Marfil bambáns y abastecemento de auga.

Medios de comunicación: Mantemento de la páxina web, mantívose contacto coa radio participando en diversos programas – Radio Xallas e Radio Nordés-, con la prensa –artigos en La Voz de Galicia, El Correo Gallego, Que Pasa na Costa-

Exposicións: A exposición fotográfica “Miradas de Marfil”, do fotógrafo Marcos Rodríguez, foi levada este ano a Padrón, Carballo e Betanzos.

APOIOS ECONÓMICOS

Concedidos

A principal fonte de financiación é a solidariedade dos **socios, socias e colaboradores** de Égueire que, coas súas cotas e aportacións son un punto se apoio fixo e constante a través do tempo.

Os días 21 e 22 de febreiro celebrouse en Santiago de Compostela o **III CONGRESO DE COOPERACIÓN INTERNACIONAL DE LA OMG** (Organización de médicos colexiados de España).

No Congreso seleccionouse a ONG EGEUIRE como la ONG receptora de los fondos que se recadasen na cea solidaria que pecharía o congreso o venres 22 de febreiro de 2019 no Hostal dos Reis Católicos. Nesta cea, dos 50€ que aportaba cada comensal, 15 irían destinados a Égueire. Como representación da nosa ONG asistiron nove membros da mesma.

Contamos este ano cunha subvención importante que, con traballos e constancia, foinos concedida pola **Deputación de Coruña**. Esta subvención é de 18.000 €. No mes de maio solicitouse un anticipo do 80% da mesma a cargo do total subvencionado que será aboado cando se xustifique debidamente o gasto máis o coeficiente de financiación.

Mediante un contacto persoal a **Coca Cola** aportou a Asociación a cantidade de 2.500€ para apoio na realización dos proxectos en Costa de Marfil.

Numerosos comercios de A Picota e Gadis de Cee doaron produtos para a realización da festa Africana.

En proceso

Dende hai catro anos estamos en comunicación con **Mans Unidas** que prometeu construír un Dispensario na mesmo terreo de maternidade. Todo foron impedimentos e esixencias e non se ve moita disposición de colaborar. O 14 de xuño, en Abidján, o Presidente tivo unha entrevista coas representantes de Mans Unidas que visitaban os proxectos que esta ONG realizan en Costa de Marfil. A impresión que sacou o Padre Désiré desta xuntanza foi que non estaban dispostas a apoiar o proxecto, aínda que non hai nada definitivo.

A principios de ano mantivemos unha entrevista con Nerea e Graciela, responsables do equipo de axudas de **Eroski-Vegalsa**.

Nela entregáronse dous documentos, o primeiro informativo sobre a inauguración e posta en marcha da maternidade e no segundo expoñíase o proxecto do centro agropecuario que se empezaba a poñer en marcha. Durante o ano por correo electrónico mantivemos contacto e esperamos ser recibidos neste mes de decembro para unha nova entrevista . Nesta entrevista presentaremos os puntos concretos do proxecto para os que necesitaríamos subvención.

Participamos tamén nunha convocatoria de Coca Cola para que os seus empregados presentaran solicitudes de subvencións para proxectos . De todos os presentados elixirían tres, pero Égueire non estaba entre eles. Foron elixidos proxectos que se realizarán en España, aínda que a convocatoria era aberta a realidades exteriores.

DAR A COÑECER A REALIDADE AFRICANA E ESTREITAR VENCELLOS COA MESMA

Festa africana

O primeiro sábado do mes de xullo celebrouse a **XI FESTA AFRICANA** no recinto feiral de A Picota (Mazaricos).

Na liña de anos anteriores, a asistencia foi significativa e o ambiente entrañable, festivo e solidario.

Comezou a xornada ás 12 do mediodía coa proxección do film **“Tigernut”** de Antxón Moforte, film que interpela e pon de manifesto a explotación comercial á que está sometida Africa, concretada nesta película no negocio da chufa.

A continuación escoitamos o testemuño de **DJIBRIL**, mozo de Senegal, que chegou en patera a España hai dez anos e que na actualidade reside en A Coruña e colabora cunha ONG de axuda ós inmigrantes.

O seu testemuño interpelounos fondamente e axudounos a vivir este día en comuñón solidaria coa realidade africana.

A asistencia a eses dous actos coa que comezamos o día foi importante, completando totalmente o afora da aula de audiovisuais do Colexio de A Picota.

A continuación pasamos ó recinto feiral para desfrutar dun menú africano-galego elaborado por un equipo de persoas de Mazaricos baixo a dirección de **Celine Kinimo** e coa colaboración dun grupo de voluntarios e voluntarias.

Fomos recibidos polo **grupo de gaitas Peta Forte** de Pereiriña, que axudan a dar un aire festivo galego a este encontro solidario.

Tamén na entrada atopamos a nosa amiga **Armène Doua**, que chegada dende Costa de Marfil, recibíunos realizando maquillaxes africanos a tódalas persoas que ían achegándose para participar no xantar.

Despois dun xantar repousado que facilitaba a comunicación e interrelación pasamos á parte máis festiva, que coma outros anos, tratou de poñer en relación as culturas de Africa e Galicia.

Contamos cun **grupo de danza** de persoas de varios países africanos e residentes en Portugal que co seu ritmo trepidante trasladounos a esa realidade africana que para nós xa non é tan lonxana.

Representando a nosa música galega o grupo de **pandereteiras** da Asociación "As Neves" de Buxantes ofreceunos un pequeno repertorio de muiñeiras, xotas e alalás que nos fixo vibrar cuns ritmos non alleos para a maioría dos que alí estabamos.

Cea solidaria

O 29 de novembro volvémonos reunir para a **cea solidaria** que hai unas anos vimos celebrando co obxectivo de coñecer un pouco máis a realidade africana e de conseguir aportacións económicas para poder realizar os proxectos en Costa de Marfil.

Antes de comezar a cea, o Presidente da asociación, Desire Kouakou Tanoh, recién chegado de África, explicou cal era o momento actual na realización dos proxectos que se están realizando en Costa de Marfil.

A continuación Víctor Hugo, que acompañou a Desire na súa viaxe a África, compartiu cos presentes as súas vivencias, interrogantes e urxencias que sentía na súa experiencia africana. Foi un testemuño impresionante que interpelou e fixo reflexionar.

Xa despois da cea, que se viviu nun ambiente cálido e de compartir, pasamos a algo xa tradicional neste tipo de encontros, sorteo de regalos doados por comercios e persoas de zona.

Seguimento e acompañamentos dos proxectos

Tres veces durante o ano viaxou a Costa de Marfil o Presidente, Désiré Kouakou Tanoh para seguir de preto os proxectos que se están realizando.

Xaneiro, Xuño e Novembro foron as datas destas viaxes. As dúas primeira curtas e a de Novembro máis longa por facela coincidir cos días de vacacións del Presidente.

Foron viaxes moi frutíferos nos que se tomáronse decisión importantes e colléronse folgos para seguiren apoiando e traballando nos diversos proxectos que se están a realiza e nos que se van iniciar con posterioridade.

OBXECTIVOS QUE SE PRETENDEN CON ESTAS ACTIVIDADES

- Ofrecer oportunidades de formación e traballo á mocidade e as mulleres na súa propia realidade.
- Apoiar a grupos asociativos de mulleres.
- Contribuír a apoiar actividades solidarias en orfanatos e familias de acollida.
- Contribuír á construción dun tecido socio-sanitario.
- Promover o coñecemento da realidade Africana
- Concienciar da necesidade de dar resposta a situacións de pobreza extrema.
- Intensificar a interrelación África-España

7 PROXECTOS DE SENSIBILIZACIÓN PARA O ANO 2020

Continuaremos coa festa Africana, a 13ª; a cea benéfica de nadal, a participación nos centros escolares e institucións onde sexa posible.

Vaise organizar unha gala musical solidaria na primavera, a realizar en Cee. Tentaremos contar especialmente cos músicos das zonas inmediatas onde temos relación, músicos colaboradores con nós noutras ocasións e darase cabida a quen queira colaborar e incluírse elementos que dean a coñecer a realidade africana, especialmente de Costa de Marfil.

8 PROXECTOS A REALIZAR EN COSTA DE MARFIL

Coincidindo coa previsión arriba indicada manteremos o persoal vinculado xa a asociación en Costa de Marfil, tamén a colaboración coas cooperativas, coa Casa de Acollida de Mme N'Zi e co mantemento da maternidade.

Dentro dos terreos de N'Zida vaise desenvolver un “proxecto de mellora da produtividade nas hortas” tal como está definido na solicitude de subvención presentada na Deputación Provincial da Coruña.

Tamén é preciso estudar a mellora da electricidade, subministro de auga e, se fose posible, iniciar algunha destas melloras.

9 ROGOS E PREGUNTAS

Faise un chamamento ó aumento de número de socios posto que isto é o que facilita a previsión de ingresos e gastos a medio prazo.

Vólvese planear a necesidade de modificar os estatutos en orde a equiparar a igualdade, xa real, entre socios e colaboradores e de cara a incorporar as perspectivas de xénero, xuventude e rural.

Sen máis asuntos que tratar dáse por rematada a asemblea ás 19'00horas.

Asinado

Désiré Kouakou Tanoh

Presidente

Manuela Glez Maceiras

Vicepresidenta

Juan Jesús de Rojas Silva

Xosé Manuel Pensado Figueiras

Tesoureiro

Secretario